Estimado profesorado de Ciencias Xerais:

Dende o grupo de traballo de Ciencias Xerais da CiUG queremos informarvos dos seguintes aspectos:

1. **Mantense o modelo de exame** con catro preguntas, puntuadas cada unha con 2,5 puntos. A primeira pregunta estará baseada na lectura dun texto, sobre o que se formularán unha serie de cuestións de resposta obrigatoria. A resolución destas cuestións non se limitará á lectura comprensiva do texto, senón que o alumnado deberá ser quen de relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos. As tres preguntas restantes terán unha primeira parte de resposta obrigatoria e unha segunda parte con posibilidade de elección entre dous apartados.

2. Haberá unha representación de todos os bloques ao longo do exame. En consonancia cos acordos da *Comisión Estatal de la asignatura de Ciencias Generales*, **cada pregunta (incluída a primeira) estará centrada nun dos seguintes bloques** recollidos no Real Decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato:

B. Un universo de materia e enerxía

C. O sistema Terra [1]

D. Bioloxía para o século XXI

E. As forrzas que nos moven

Os saberes da área *A. Construíndo ciencia* abordaranse no exame de maneira transversal.

3. No encabezamento de cada pregunta indicarase o bloque no que se encadran principalmente as distintas cuestións formuladas. Non obstante, cada pregunta **pode conter algún apartado que implique relacionar coñecementos** de máis dun bloque.

4. **Non se facilitará unha copia da táboa periódica para a realización da proba**.

O documento actualizado de orientacións que se pode atopar na páxina web da CiUG pretende servir de guía na que se concreten os saberes básicos correspondentes a cada bloque, de maneira que facilite a planificación da docencia por parte do profesorado, así como unha avaliación en consonancia cos contidos e habilidades adquiridas polo alumnado.

Dende o grupo de traballo agradecemos a axuda recibida a través das vosas suxestións e quedamos á vosa disposición para resolver as dúbidas que poidan xurdir.

Un cordial saúdo,

O Grupo de Traballo de Ciencias Xerais

[1] O Decreto 157/2022, do 15 de septiembre, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidad Autónoma de Galicia desenvolve este bloque en dous: *O sistema Terra* e *Os ecosistemas e o medio ambiente*, que se abordarán na mesma pregunta do exame.